

María Xosé Porteiro García é unha xornalista, escritora e feminista viguesa, licenciada en Publicidade, nada en Madrid, en 1952, e residente en Galicia desde 1966.

Xornalista: Desde mediados dos anos 70 traballou en prensa e radio (entre outros, El Pueblo Gallego, Radio Popular, Tiempo, El País, The Washington Post, Tribuna Feminista ou La Voz de Galicia onde ten unha columna de opinión, “Habitación Propia”, desde 1993). De 1984 a 2017 foi funcionaria no Concello de Vigo onde foi Xefa de Prensa e Relacións Públicas. De 1998 a 2001 foi Directora Xerente de "Información e comunicación local, SA" (INCOLSA). De 2009 a 2011 dirixiu o Museo del Ferrocarril de Madrid e a Comunicación da "Fundación de los Ferrocarriles Españoles".

Escritora: Desde 1981 publicou varios libros que abranguen narrativa, biografía e ensaio: Quen é quen no primeiro parlamento galego (Ensaio político. Ed. Xerais, 1981); Celso Emilio Ferreiro, compañeiro do vento e das estrelas (Biografía. Ed. Akal, 1981). Covardes (Novela negra. Ed. Ir Indo, 2002); “Vine, vi y hablé. Las mujeres frente al discurso público” (Ensaio feminista. Ed. Auga, 2014); Sándalo (Novela histórica. Ed. Galaxia, 2019) e Buscando a Clara (Novela xuvenil. Ed. Elvira, 2019).

Política: Co PSdeG, foi concelleira en Vigo entre 1987/91 e 2003/07 onde creou as primeiras Concellería de igualdade e Casa de Acollida de Galicia en 1987 e 1989. Foi Parlamentaria galega entre 1989 e 1998; Deputada no Congreso español, e membro das Asambleas Parlamentarias do Consello de Europa e da Unión Europea Occidental, entre 2004 e 2007; Foi a primeira Delegada de Galicia no Exterior, con sé en Bos Aires e Montevideo, entre 2007 e 2009.

Distincións: Recibiu a Encomenda ao Mérito Civil en 2009 "pola súa contribución á política exterior de España", e o Premio Primeiro de Maio de CCOO ao Compromiso Social e a Solidariedade, en 2019.

É membro do Plenario do Consello da Cultura Galega desde 2014, na quenda de persoeiros, e Coordinadora Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos (antes Comisión de Igualdade) desde 2016.^[L]_[SEP]

Desde o 7 de agosto de 2019 é Adxunta a Valeduría do Pobo.